

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

17

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está ad-

herida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

ABRIL

Aprender servindo á comunidade

L	M	MÉ	X	V	S	D
1	2 Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo	3	4	5 Fin do prazo para matrícula no Curso Aprendizaxe -Servizo	6 Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	7 Día Mundial da Saúde (OMS)
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19 Día da lingua chinesa	20	21 Día Mundial da Creatividade e a Innovación
22 Día Internacional da Nai Terra	23 Día Mundial do Libro e do Dereito de Autor	24 Día Internacional do Multilateralismo e a Diplomacia para a Paz	25	26	27	28 Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo
29	30					

CHAVES DESTE NÚMERO

Aberto o curso de Aprendizaxe-Servizo no ensino superior

A metodoloxía pedagóxica de Aprendizaxe-Servizo (ApS) consiste en que as persoas participantes aprenden ao mesmo tempo que actúan sobre necesidades reais da súa contorna coa finalidade de melloralas. Deste xeito, este tipo de proxectos son unha oportunidade para establecer un maior vínculo entre a universidade e a sociedade nun marco de reciprocidade.

Esta formación, ofertada para persoal docente, pretende facer unha achega aplicada a esta estratexia metodolóxica, de tal xeito que poda ser integrada en materias de diferentes áreas de coñecemento. A súa modalidade é mixta (en liña e cunha sesión presencial para cada campus) e consiste de 10 horas de traballo e terá lugar entre os días 16 ao 25 abril.

O prazo para inscribirse no curso remata o venres día 5 de abril. Para máis información preme [nesta ligazón](#).

A universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e como tal fomenta a metodoloxía Aprendizaxe-Servizo polo seu gran potencial para mellorar a aprendizaxe, xerar vínculos coa contorna e contribuír aos retos globais que temos como sociedade. Para iso ademais de ofertar formación nesta metodoloxía publica cada ano unha **CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE APRENDIZAXE-SERVIZO 2023-24 NO MARCO DA AXENDA 2030 E DOS SEUS ODS**. O ano pasado 11 novos proxectos foron aprobados no cadro desta convocatoria.

Coñece máis premendo [nesta ligazón](#).

EVENTOS

Semana Europea da Xuventude. A Semana Europea da Xuventude trátase dun programa de actividades que organiza a Comisión Europea cada dous anos para celebrar e promover o compromiso, a participación e a cidadanía activa dos mozos en toda Europa e fóra dela. Terá lugar do 12 ao 19 de abril, dous meses antes das eleccións europeas, baixo o lema "Dálle voz á túa visión". Durante estes 7 días desenvolveranse actividades para promover a democracia e a participación moza nas eleccións. En Sevilla celebrarase unha conferencia que abordará estes temas, en Chaves haberá unha xuntanza e distintos paneis de libre acceso, en Maia terá lugar un debate, tamén se celebrarán campamentos para a mocidade coma o ofertado na Serra de Ca-zorla... e moito máis. Para saber máis sobre o programa da Semana Europea da Xuventude, accede á súa páxina pre-mendo [aquí](#).

Camiño a camiño. Este programa de educación medioambiental promovido polo Concello de Vigo consiste en per-corridos medioambientais (pola Ruta da Auga, polos montes de Vigo, polas Illas Cíes...), actividades en hortas urbanas, diversas actividades de voluntariado (urbano, de acompañamento de cans e de sendeiros) e accións formativas. Trátanse de actividades gratuítas e de libre acceso que se desenvolverán nesta primavera.






**MARZO
XUÑO '24**

PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS

PERCORRIDOS A CARÓN DOS RÍOS

17 marzo: Ruta da Auga 1, Vigo - Redondela.

24 marzo: Ruta da Auga 2, Redondela - Pazos de Borbén.

7 abril: Ruta da Auga 3, Pazos de Borbén - Encoro de Eiras.

14 abril: Río Verdugo e entorno do Pazo de Soutomaior.

21 abril: Río Lerez: Xunqueira de Alba e Senda do Lerez.

28 abril: Río Ulla e entorno do Pazo de Rivadulla.

5 maio: Río Lagares e entorno do Pazo de Castrelos.

IX ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO

12 maio: Montes de Vigo.

VISITA ÁS ILLAS CÍES

19 maio: Illas Cíes I.

26 maio: Illas Cíes II.





HORTAS URBANAS

HORTA-ESCOLA DE SARDOMELA (Cabral)

HORTA-ESCOLA DE FONTÁNS (Lavadores)

HORTA-ESCOLA DE NAVIA

HORTA-ESCOLA DE PEDRO ALVARADO (Teis)

HORTA-ESCOLA DE RAMÓN NIETO I

HORTA-ESCOLA DE CAMELIAS

VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

VOLUNTARIADO URBANO

Lugar: Monte da Guía, Montes de Vigo. *Horario:* Sábados, de 10 a 13 horas.

VOLUNTARIADO DE ACOMPAÑAMENTO DE CANS

Lugar: Refuxio de animais abandonados de Vigo (Candeadá).

Horario: Mércores, de 09:30 a 11:30.

VOLUNTARIADO DE SENDEIROS

Horario: martes e xoves, de 16 a 19 horas.





CAMIÑO A CAMIÑO
O PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL
Información de inscricións e funcionamento das actividades en camiñoacamiño.vigo.org



INSCRIPCIÓN
LUNS A MÉRCORES
(previa inscrición)

010 886 810 260

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

vigo.org

FORMACIÓN

Escola de Empoderamento. A cooperativa Aventureira organiza 3 cursos dirixidos a persoal técnico de dinamización infantil e xuvenil, de entidades públicas, de colectivos sociais ou de outros contextos socioeducativos onde se pretenda introducir ou mellorar a participación. Nesta formación participarán voces expertas no eido da dinamización social e traballaranse estratexias para promover a participación e iniciativa infantil e xuvenil. Este itinerario, composto por tres módulos independentes, inclúe manutención e aloxamento en Narón, A Coruña. O primeiro curso ten lugar o 9 e 10 de marzo, o segundo o 27 e 28 de abril e o terceiro o 11 e 12 de maio. Os tres módulos son independentes, podes apuntarte aos tres, pero tamén a dous ou a un. A inscrición debe realizarse unha semana antes da celebración de cada curso. A partir desta data só entrarán solicitudes en caso de haber prazas sen cubrir. [+Info](#)



Cursos de educación medioambiental PAES.

No marco do Plan de Acción de Educación Ambiental para a Sostibilidade, o Ministerio de Transición Ecolóxica e o de Educación convocan cursos de formación tales como: «Educación ambiental no corazón das políticas públicas. Ferramentas e experiencias para a transición ecolóxica», «Chaves para unha Educación Ambiental transformadora na era da transición ecolóxica», «Educación para a sostibilidade nas aulas. Ferramentas para a súa posta en marcha»... Hainos de modalidade online, mixta e presencial. O número de prazas e as datas de inscrición varían segundo as formacións, que poden desenvolverse entre abril e xullo. [+Info](#)

Cursos Femxa. A oferta dos cursos Femxa é moi ampla e, no ámbito medioambiental, ofrece formacións como: tratamento de residuos e reciclaxe, sistema de xestión medioambiental na empresa, enerxías renovables no sector agrario, eficiencia enerxética, e máis. Trátanse de cursos en liña gratuítos dirixidos na súa maioría a persoas que traballan neste sector e persoas desempregadas. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Programa Primavera Xove. A Xunta organiza para os meses de marzo e abril este programa de actividades formativas e de lecer para a mocidade e a crianza galega. Os grupos de participación divídense en dous tramos de idade: de 14 a 17 anos e de 18 a 30. Deste xeito, socorre a conciliación familiar en Semana Santa e distintas fins de semana nos meses de marzo e abril, en instalacións da Xunta de Galicia repartidas polas 4 provincias. As actividades, adaptadas a ambas franxas de idade, inclúen deportes, saídas educativas, xogos, obradoiros e fala-

doiros sobre temas diversos. Hai 6 programas con temáticas diversas: bioaventura, natureza interior, aventura 3D... Ofértanse 20 prazas por quenda e a inscrición mantense aberta ata completar aforo. [+Info](#)



Concurso fotográfico Obxectivo África. Casa África abre ao público xeral os seus concursos anuais: o concurso fotográfico Obxectivo África, o concurso de microrrelato Purorelato, o Premio de Ensaio Casa África e o Premio Saliou Traoré ao mellor traballo de xornalismo en español sobre África. Os catro certames ofrecen un total de máis de 10.000 euros en premios,

además da publicación do texto gañador no caso do premio de ensaio. O concurso fotográfico leva como temática a biodiversidade do continente africano; o de ensaio, a inmigración intra-africana; e o de microrrelatos é de temática libre, coa condición de ter algunha relación co continente. A recepción de ensaios e fotografías remata o 2 de maio, a de traballos xornalísticos o 15 de abril e a de ensaios o 16 de abril. [+Info](#)

Generación Propósito. A Fundación Princesa de Girona lanza o programa «Generación propósito». O seu obxectivo principal é apoiar, impulsar, acompañar e acelerar o crecemento persoal e profesional de mozos e mozas de entre 20 e 30 anos, que teñan gañas de traballar con cuestións de impacto social e vontade de crear un futuro máis inclusivo e sostible nos ámbitos de: saúde e calidade de vida, sustentabilidade e medio ambiente, igualdade de oportunidades, educación, Tech for Good e cultura. Na aprendizaxe contarán con profesionais do ámbito social e traballarán o liderado, a capacidade creativa, a dixitalización, etc. O prazo de presentación de candidaturas estará aberto ata o 15 de abril de 2024. [+Info](#)



Concurso interxeracional «O reto da cociña sostible do aproveitamento». A Cociña dos Netos é unha iniciativa da Fundación Vida Sostible que busca promover hábitos alimentarios sostibles entre a mocidade. O concurso pretende fomentar o aproveitamento dos alimentos e pór en valor a riqueza que podemos adquirir se colaboramos e aprendemos doutras xeracións. Pódese participar en 3 categorías: para persoas maiores de 18 anos que participen

de xeito individual, para equipos formados por un máximo de catro persoas que formen parte de diferentes xeracións, e para alumnado e profesorado do sector da restauración. Os equipos de estudantes e profesores serán dun máximo de catro persoas. Para a categoría individual o premio son 500€ e para as outras, 1000€. Para participar hai que gravar en forma de vídeo unha receita de invención propia, ou que se realiza de forma tradicional na súa comunidade ou familia. Xunto coa vídeo-receita deberá incluírse a receita escrita e algunhas fotografías do prato final. O prazo de presentación remata o 4 de abril. [+Info](#)

Ingreso na Escala de Axentes Medioambientais de Organismos Autónomos do Ministerio de Medio Ambiente. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico convoca un proceso selectivo con 68 prazas para o ingreso de axentes medioambientais nun proceso selectivo de oposición. A inscrición está aberta ata o 3 de abril. [+Info](#)

VOLUNTARIADO

Ruta 7 ULPGC. SETE ULPGC (RU7A) é un programa organizado pola Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e pola Fundación Universitaria de Las Palmas. Trátase dun proxecto innovación social dirixido a persoas mozas, que fomenta a creación de comunidades responsables e que promove o desenvolvemento sostible a través de experiencias e aprendizaxes. Consiste nunha viaxe na que 45 estudantes percorren as Illas Canarias durante 35 días nun voluntariado ambiental, social e cultural. Os requisitos son ser estudante de grao ou posgraduados. O proceso de selección está aberto. [+Info](#)



PUBLICACIONES

Informe "Derecho a la Naturaleza, Derecho a la Ciudad" de Amigos de la Tierra. Accede ao informe completo [aquí](#).

Declaración de La Vía Campesina en rexeitamento do Acordo de Libre Comercio MERCOSUR UE. Accede á declaración completa [aquí](#).

NOVAS DO DUVI

6,2 millóns de euros para desenvolver sensores fotónicos de próxima xeración con aplicacións en sanidade, automoción e agricultura [+Info](#)

O HackforGood regresa esta semana ao campus cunha edición "especial centenario" [+Info](#)


Investigadores da EE Forestal analizan coas comunidades de montes que actuacións permitirían reducir os grandes incendios no Baixo Miño [+Info](#)

Unhas xornadas analizarán o papel do traballo social ante os grandes desafíos da sociedade [+Info](#)

O campus acolle unha xuntanza de alumnado de Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos da UVigo e de León [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

CONCAES é unha entidade que traballa pola reinsertión e a inclusión social dun colectivo en alto risco de exclusión: as persoas afectadas polo delito, tanto quen sufriu o dano como quen o causou. CONCAES nace en 1990 e desde entón foi abranguendo máis, ata o día de hoxe, no que con programas en todo o país e sedes en diferentes comunidades autónomas.



Traballan todas as persoas afectadas polo delito, dende vítimas e persoas penadas ata as súas familias. Con relación ás vítimas, avogan por un tipo de xustiza restaurativa, é dicir, unha xustiza que considera o delito como algo máis que unha violación da lei e que pon énfase no dano causado ás persoas e ás súas relacións.

A organización reporta que o 95 % das vítimas que participaron nos programas de xustiza restaurativa experimentan un proceso de curación ao poder expoñer a súa historia fronte a persoas convictas por delitos similares aos que elas sufriron, e que chegan a sentir que esas persoas tamén merecen unha segunda oportunidade ao estaren dispostas a cambiar. Respecto ás persoas penadas, a organización leva a cabo obradoiros socio-educativos, diálogos restaurativos en prisións, actividades para acompañar ás persoas maiores encarceradas... E tamén traballan pola inclusión e o benestar das mulleres nos cárceres, ao tratarse dunha minoría do 7 % do total de persoas convictas en España. Ademais, acompañan ás familias das persoas penadas, que moitas veces sofren situacións de pobreza ante a falta dunha persoa do seu núcleo familiar.

O de CONCAES é un proxecto necesario, que aborda realidades das que non adoitamos falar, que rompe cos tabús e loita pola xustiza para todas as persoas.

Se queres colaborar con CONCAES, telo moi fácil, xa que a Universidade de Vigo ten en vigor convenios de voluntariado con esta entidade. Poderás colaborar en tres dos seus proxectos:

[Olivo](#) (para a prevención do deterioro físico, cognitivo, social e emocional das persoas privadas de liberdade maiores de 65 anos), [Fabricantes da paz](#) (para promover a prevención de novos delitos a través de novos aprendizaxes por parte das familiares das persoas infractoras) e [Diálogos restaurativos](#) (programa de xustiza restaurativa con persoas penadas).

Coñece máis sobre como participar nos programas de voluntariado premendo [aquí](#).

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)